

Dependencia CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servizos 100.- JMIC		
Documento CON11I06K	Expediente CON/61/2016	



ACTA DA 1ª REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN

LICITACIÓN: Concesión de postos na nave número 5 do Mercado de Abastos de Santiago de Compostela.

TIPO DE LICITACIÓN:

- Locais nº 2,3,10,11: 12.024 euros/local
- Locais nº 5: 18.036 euros/local
- Locais nº 4 e 9: 24.048 euros/local

PROCEDEMENTO: Aberto.

LUGAR, DATA E HORA: Sección de contratación, Rúa Presidente Salvador Allende, nº 6-8, 23 de febreiro de 2017, ás 8:45 horas.

ASISTENTES:

Presidente: Dna. Marta Lois González.

Vocais: D. Jorge Carlos Duarte, representante do grupo CA.
 D. Alejandro Sánchez-Brunete, representante do grupo PP.
 Dna. Rocío Montañés Fernandez xefa servizo de contratación e servizos comunitarios.
 Dna Ana Gago Fernández, viceinterventora municipal.
 D. Xaquín Monteagudo Romero, director da asesoría xurídica municipal.

Secretario: D. Román Otero Ferreiro, xefe de sección de contratación.

OFERTAS PRESENTADAS:

NÚMERO DE ORDE	DATA DE PRESENTACIÓN	NÚMERO DE REXISTRO	NOME DO LICITADOR
1	16/02/2017	7.244	B70000302 PESCADOS IGLESIAS MATO S.L
2	16/02/2017	7.246	33280156F BARREIRO ALCOBRE, RAMON
3	20/02/2017	7.646	46919165Q AMENEIRO GARCIA, MANUEL
4	20/02/2017	7.722	35452580N BARROS NOGUEIRA, ANA MARIA
5	20/02/2017	7.723	54653460D CAMPOS CAMPOS, JULIANO

**Proposición recibida por correo*

A mesa de contratación procede á verificación da presentación, por parte dos licitadores, da documentación acreditativa da súa solvencia económica e técnica así como da súa capacidade de obrar, resultando as seguintes incidencias:

. a empresa PESCADOS IGLESIAS MATO non acredita debidamente a súa solvencia económica, presentando unicamente unha mera declaración do seu volume de negocios, non acompañando documentación xustificativa.

. o licitador JULIANO CAMPOS CAMPOS, non presenta documentación acreditativa da súa solvencia económica e técnica.



<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 100.- JMIC		
<i>Documento</i> CON11106K	<i>Expediente</i> CON/61/2016	

15078DCON11106KN



En ambos casos acórdase concederlles un prazo de tres días para subsanar estas deficiencias, para o que serán debidamente requeridos polo secretario da mesa.

Ás 9:15 horas levántase a sesión. Eu, como secretario, dou fe.

**Vº E PRACE
A PRESIDENTA DA MESA**



O SECRETARIO DA MESA

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 100.- JMIC		
<i>Documento</i> CON11I06K	<i>Expediente</i> CON/61/2016	



ACTA DA 2ª REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN

LICITACIÓN: Concesión de postos na nave número 5 do Mercado de Abastos de Santiago de Compostela.

TIPO DE LICITACIÓN

- Locais nº 2,3,10,11: 12.024 euros/local
- Locais nº 5: 18.036 euros/local
- Locais nº 4 e 9: 24.048 euros/local

PROCEDEMENTO: Aberto.

LUGAR, DATA E HORA: Sección de contratación, Rúa Presidente Salvador Allende, nº 6-8, 7 de marzo de 2016, ás 10:05 horas.

ASISTENTES:

Presidente: Dna. Marta Lois González.

Vogais: Dna. Noa María Morales, representante do grupo CA.
D. Alejandro Sánchez-Brunete, representante do grupo PP.
D. Rubén Cela, representante do grupo BNG.
Dna. Carme Casado, técnico promoción económica.
Dna. Rocío Montañés Fernandez xefa servizo contratación e servizos comunitarios.
Dna. Ana Gago Fernández, viceinterventora municipal.
D. Xaquín Monteagudo Romero, director da asesoría xurídica municipal.

Secretario: D. Román Otero Ferreiro, xefe de sección de contratación.


Procédese en primeiro termo a analizar a documentación complementaria acreditativa da solvencia que lles fora requerida ós licitadores PESCADOS IGLESIAS MATO e JULIANO CAMPOS CAMPOS, considerando a mesa que queda perfectamente acreditada ésta e continuando polo tanto ambolosdous na licitación.

A continuación a Mesa de Contratación leva a cabo á apertura pública dos sobres que conteñen os criterios de adxudicación NON avaliados mediante cifras ou porcentaxes dos licitadores admitidos resultando que todos eles aportan a documentación requirida polo prego, axustándose as súas esixencias formais.

A mesa acorda o traslado desta documentación ós técnicos municipais ós efectos de realizar o informe valorativo e os cálculos das puntuacións correspondentes a cada licitador sobre os devanditos criterios NON avaliados mediante cifras.

Ás 10:25 horas levántase a sesión. Eu, como secretario, dou fe.

**Vº E PRACE
A PRESIDENTA DA MESA**



O SECRETARIO DA MESA



<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servizos 100.- JMIC		
<i>Documento</i> CON11106K	<i>Expediente</i> CON/61/2016	



ACTA DA 3ª REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN

LICITACIÓN: Concesión de postos na nave número 5 do Mercado de Abastos de Santiago de Compostela.

TIPO DE LICITACIÓN:

- Locais nº 2,3,10,11: 12.024 euros/local
- Locais nº 5: 18.036 euros/local
- Locais nº 4 e 9: 24.048 euros/local

PROCEDEMENTO: Aberto.

LUGAR, DATA E HORA: Sección de contratación, Rúa Presidente Salvador Allende, nº 6-8, 16 de marzo de 2017, ás 9:00 horas.

ASISTENTES:

Presidente: Dna. Marta Irene Lois González.

Vogais: D. Jorge Duarte, representante do grupo CA.
D. Alejandro Sánchez-Brunete, representante do grupo PP.
Dna. Carme Casado, técnica de promoción económica.
Dna. Rocío Montañés Fernández, xefa do servizo contratación e servizos comunitarios.
Dna. Ana Gago Fernández, viceinterventora municipal.
D. Xaquín Monteagudo Romero, director da asesoría xurídica municipal.

Secretario: D. Román Otero Ferreiro, xefe de sección de contratación.

A Mesa de Contratación procede ó exame do informe valorativo realizado polos técnicos municipais sobre os criterios de adxudicación NON avaliábeis mediante cifras ou porcentaxes no que se dá conta das puntuacións acadadas por cada licitador e se poñen de manifesto ós presentes na reunión. A mesa solicita unha ampliación do mesmo no senso de incorporar un maior detalle na xustificación da distribución da puntuación outorgada a cada oferta, aprazándose polo tanto a súa aprobación ata unha nova reunión.

Ás 9:15 horas levántase a sesión. Eu, como secretario, dou fe.

Vº E PRACE
A PRESIDENTA DA MESA



<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 100.- JMIC		
<i>Documento</i> CON1106K	<i>Expediente</i> CON/61/2016	



ACTA DA 4ª REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN

LICITACIÓN: Concesión de postos na nave número 5 do Mercado de Abastos de Santiago de Compostela.

TIPO DE LICITACIÓN:

- Locais nº 2,3,10,11: 12.024 euros/local
- Locais nº 5: 18.036 euros/local
- Locais nº 4 e 9: 24.048 euros/local

PROCEDIMENTO: Aberto.

LUGAR, DATA E HORA: Sección de contratación, Rúa Presidente Salvador Allende, nº 6-8, 28 de marzo de 2017, ás 9:00 horas.

ASISTENTES:

Presidente: Dna. Noa María Morales Sánchez.

Vogais: D. Alejandro Sánchez-Brunete, representante do grupo PP.
Dna. Carme Casado, técnica de promoción económica.
Dna. Ana Gago Fernández, viceinterventora municipal.
D. Xaquín Monteagudo Romero, director da asesoría xurídica municipal.

Secretario: D. Román Otero Ferreiro, xefe de sección de contratación.

A mesa de contratación procede ó exame do informe complementario de valoración das propostas de negocio dos distintos licitadores, considerando que cumpre o requirimento de ampliación de contido feito na última reunión e aprobándose en consecuencia co voto favorable de todos os presentes.

Ás 9:15 horas levántase a sesión. Eu, como secretario, dou fe.

**Vº E PRACE
A PRESIDENTA DA MESA**



O SECRETARIO DA MESA



<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servizos 100.- JMIC		
<i>Documento</i> CON11I06K	<i>Expediente</i> CON/61/2016	



ACTA DA 5ª REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN

LICITACIÓN: Concesión de postos na nave número 5 do Mercado de Abastos de Santiago de Compostela.

TIPO DE LICITACIÓN:

- Locais nº 2,3,10,11: 12.024 euros/local
- Locais nº 5: 18.036 euros/local
- Locais nº 4 e 9: 24.048 euros/local


PROCEDEMENTO: Aberto.

LUGAR, DATA E HORA: Sección de contratación, Rúa Presidente Salvador Allende, nº 6-8, 6 de abril de 2017, ás 9 horas.

ASISTENTES:

Presidente: Dna. Marta Lois González.

Vogais: Dna. Jorge Duarte, representante do grupo CA.
D. Alejandro Sánchez-Brunete representante do grupo PP.
D. Gonzalo Muiños, representante do grupo PSOE.
Dna. Carme Casado, técnico promoción económica.
Dna. Rocío Montañés Fernández, xefa servizo contratación e servizos comunitarios.
Dna. Inmaculada Viña Carregal, interventora xeral municipal.
D. Xaquín Monteagudo Romero, director da asesoría xurídica municipal.



Secretario: D. Román Otero Ferreiro, xefe de sección de contratación.

Tamén asisten: D. Ramón Barreiro Alcobre, D. Máximo Vázquez Salvado e, Dna. Ana María Barros Nogueira.

A Mesa de Contratación procede á apertura dos sobres que conteñen a documentación xustificativa dos criterios de adjudicación avaliados mediante cifras dos distintos licitadores admitidos, que ten como resultado o seguinte:



CONCELLO DE SANTIAGO

Dependencia
CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios
100.- JMIC


Documento
CON11106K

Expediente
CON/61/2016

15078DCON11106KN



Nº DE ORDE	NOME DO LICITADOR	PREZO OFERTADO Local 2	PREZO OFERTADO Local 3	PREZO OFERTADO Local 4	PREZO OFERTADO Local 5	PREZO OFERTADO Local 9	PREZO OFERTADO Local 10	PREZO OFERTADO Local 11
1	B70000302 PESCADOS IGLESIAS MATO S.L	13.001,00	13.001,00	26.050,00	20.001,00	26.051,00	13.001,00	13.001,00
2	33280156F BARREIRO ALCOBRE, RAMON	15.001,00	16.051,00	24.050,00	20.005,00	24.050,00	15.000,00	16.001,00
3	46919165Q AMENEIRO GARCIA, MANUEL	12.026,00				24.050,00		
4	35452580N BARROS NOGUEIRA, ANA MARIA	12.081,00	12.081,00		18.111,00		12.081,00	12.081,00
5	54653460D CAMPOS CAMPOS, JULIANO				21.500,00			



<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 100.- JMIC		
<i>Documento</i> CON11106K	<i>Expediente</i> CON/61/2016	



Rematada a apertura de todos os sobres cos criterios obxectivos, a mesa acorda o traslado desta documentación ós técnicos municipais ós efectos de realizar os cálculos das puntuacións correspondentes a cada licitador sobre os devanditos criterios así como a puntuación final acadada por cada un deles en todo o proceso licitatorio.

Ás 9:25 horas levántase a sesión. Eu, como secretario, dou fe.

**Vº E PRACE
A PRESIDENTA DA MESA**

O SECRETARIO DA MESA

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicos 100.- JMIC		
<i>Documento</i> CON11106K	<i>Expediente</i> CON/61/2016	



ACTA DA 6ª REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN

LICITACIÓN: Concesión de postos na nave número 5 do Mercado de Abastos de Santiago de Compostela.

TIPO DE LICITACIÓN:

- Locais nº 2,3,10,11: 12.024 euros/local
- Locais nº 5: 18.036 euros/local
- Locais nº 4 e 9: 24.048 euros/local

PROCEDEMENTO: Aberto.

LUGAR, DATA E HORA: Sección de contratación, Rúa Presidente Salvador Allende, nº 6-8, 18 de abril de 2017, ás 8:45 horas.

ASISTENTES:

Presidenta: Dna. Marta Lois González.

Vogais: D. Jorge Duarte, representante do grupo CA.
D. Alejandro Sánchez-Brunete representante do grupo PP.
D. Gonzalo Muiños, representante do grupo PSOE.
Dna. Carme Casado, técnico promoción económica.
Dna. Rocío Montañés Fernández, xefa servizo contratación e servizos comunitarios.
Dna. Inmaculada Viña Carregal, interventora xeral municipal.
Dna María Luisa Prego de Oliver, en representación da asesoría xurídica municipal.

Secretario: D. Román Otero Ferreiro, xefe de sección de contratación.

A mesa de contratación procede á análise do informe valorativo final sobre os diferentes criterios de adxudicación que se recollen no prego de condicións que rexe esta licitación, informe no que se reflicten os cálculos das puntuacións parciais e totais dos distintos licitadores admitidos e que se acompaña á presente acta.

Amosándose conformes os membros da mesa coas valoracións realizadas, apórtase sen embargo neste momento escrito presentado polos licitadores con data 12 de abril pasado, no que manifestan que, unha vez conocidas as ofertas de todos eles, tras asistir a audiencia pública de apertura dos sobres que conteñen a documentación de valoración obxectiva, en defensa do interese común, propoñen unha reordenación da priorización dos postos tal e como a incluíron inicialmente nas súas ofertas, o que posibilitaría que ningún deles quedara fora da adxudicación.

Os técnicos xurídicos presentes na mesa informan que segundo o seu criterio esta solicitude non afectaría ós principios de libre concurrencia e igualdade de trato, sendo a priorización dos postos unha opción que os licitadores podían exercer libremente, non afectando as condicións da licitación nin ós requerimentos do prego o feito de que varíen agora a súa preferencia, tendo en conta, aínda máis, que isto favorecería o interese público na ocupación dos postos, finalidade última deste expediente.

Sen embargo, e en resposta á solicitude tamén formulada por Ramón Barreiro Alcobre, de acceder a adxudicación do posto número 10, en aplicación da posibilidade recollida na cláusula 1 do prego administrativo, que establece que cada licitador unicamente poderá ser adxudicatario dun local, aínda que podería excepcionalmente esta regra se algún deles quedara deserto, a mesa entende a solicitude como pouco motivada, preferindo polo tanto reservar este posto para unha, en principio, prevista nova licitación.

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 100.- JMIC		
<i>Documento</i> CON11I06K	<i>Expediente</i> CON/61/2016	



Polo tanto, e á vista do informado, as ofertas máis favorables, unha vez admitida a priorización proposta, resultan ser D. Ramón Barreiro Alcobre- local nº 9, D. Juliano Campos Campos- local nº5, Pescados Iglesias Mato- local nº 4, Dna. Ana María Barros Nogueira- local nº 3 e D. Manuel Ameneiro García- local nº 2.

De conformidade cos termos dese informe a mesa de contratación, **ACORDA:**

Trasladar ao Sr. Alcalde o resultado desta licitación, ós efectos de que, dentro das súas competencias, resolva requirir ós licitadores:

- . D. Ramón Barreiro Alcobre que oferta unha cantidade de 24.050 euros a abonar ó Concello pola concesión do uso privativo do local nº 9 da nave 5 do Mercado de Abastos da cidade,
- . D. Juliano Campos Campos que oferta unha cantidade de 21.500 euros a abonar ó Concello pola concesión do uso privativo do local nº 5 da nave 5 do Mercado de Abastos da cidade,
- . Pescados Iglesias Mato que oferta unha cantidade de 26.050 euros a abonar ó Concello pola concesión do uso privativo do local nº 4 da nave 5 do Mercado de Abastos da cidade,
- . Dna. Ana María Barros Nogueira que oferta unha cantidade de 12.081 euros a abonar ó Concello pola concesión do uso privativo do local nº 3 da nave 5 do Mercado de Abastos da cidade, e
- . D. Manuel Ameneiro García que oferta unha cantidade de 12.026 euros a abonar ó Concello pola concesión do uso privativo do local nº 2 da nave 5 do Mercado de Abastos da cidade,

para que dentro do prazo de 10 días hábiles a contar desde o día seguinte ó da recepción do requirimento, presente a documentación xustificativa de estar ó corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, de dispor efectivamente dos medios que se comprometeu a adicar ou adscribir á execución do contrato e proceda ó aboamento da fianza, taxas e timbres municipais correspondentes.

Ás 9:12 horas levántase a sesión. Eu, como secretario, dou fe.

**Vº E PRACE
A PRESIDENTA DA MESA**



O SECRETARIO DA MESA

En Santiago de Compostela a 11 de abril de 2017.

Reunidos:

Don Ramón Barreiro Alcobre con D.N.I.: 33280156F
Don Javier Iglesias Mato con D.N.I.:33292955D, en representación de Pescados Iglesias Mato, S.L. con CIF: B70000302.
Dona Ana María Barros Nogueira con D.N.I.: 35452508N
Don Manuel Ameneiro García con D.N.I.: 46919165Q

Tras a apertura do sobre 3 (nave 5, CON/61/2016) e coñecida a puntuación de tódolos licitadores da mesma, previa a resolución da adxudicación definitiva dos locais, e en aras do interés común, os aquí presentes propoñemos á mesa de contratación unha reordenación de priorización dos postos para que ningún dos licitadores aquí firmantes queden fóra da adxudicación dalgún dos locais licitados. E para que conste aos efectos oportunos, acompañamos por escrito as preferencias de cada un de nós.

- Don Ramón Barreiro Alcobre opta ao local nº9, así como ao local nº10 (Disposicións Xerais. 1.- Obxecto. 1.1. Parrafo segundo: "Poderanse presentar ofertas a varios locais sen que o mesmo licitador poda ser adxudicatario de máis dun local, non obstante, se algún deles quedara deserto poderase excepcional a regra anterior, sempre e cando non se exceda o número máximo de postos por titular previsto no Regulamento da Praza de Abastos). Expresando a súa renuncia ao resto dos locais.
- Don Javier Iglesias Mato en representación de Pescados Iglesias Mato, opta ao local nº4, expresando a súa renuncia ao resto dos locais.
- Dona Ana María Barros Nogueira, opta ao local nº3, expresando a súa renuncia ao resto dos locais.
- Don Manuel Ameneiro García, opta ao local nº2.

E para que así conste asinamos a presente:



Don Ramón Barreiro Alcobre

Dona Ana María Barros Nogueira

P.O. ANA M^a BARROS NOGUEIRA

Naximiro Vázquez Sordo
33301314M

Don Javier Iglesias Mato
(Pescados Iglesias Mato, S.L.)

Don Manuel Ameneiro García

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 100.- JMIC		
<i>Documento</i> CON11I06K	<i>Expediente</i> CON/61/2016	



ACTA DA 7ª REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN

LICITACIÓN: Concesión de postos na nave número 5 do Mercado de Abastos de Santiago de Compostela.

TIPO DE LICITACIÓN:

- Locais nº 2,3,10,11: 12.024 euros/local
- Locais nº 5: 18.036 euros/local
- Locais nº 4 e 9: 24.048 euros/local

PROCEDEMENTO: Aberto.

LUGAR, DATA E HORA: Sección de contratación, Rúa Presidente Salvador Allende, nº 6-8, 9 de maio de 2017, ás 9 horas.

ASISTENTES:

Presidenta: Dna. Marta Lois González.

Vogais: D. Jorge Duarte, representante do grupo CA.
D. Alejandro Sánchez-Brunete, representante do grupo PP.
D. Gonzalo Muiños, representante do grupo PSOE.
D. Rubén Cela, representante do grupo BNG.
Dna. Carme Casado, técnico promoción económica.
Dna. Rocío Montañés Fernández, xefa servizo contratación e servizos comunitarios.
Dna. Inmaculada Viña Carregal, interventora xeral municipal.
D. Xaquín Monteagudo Romero, director da asesoría xurídica municipal.

Secretario: D. Román Otero Ferreiro, xefe de sección de contratación.

Os membros da mesa de contratación, logo de analizar a documentación acreditativa da solvencia económica e técnica así como da capacidade de obrar presentada polos licitadores propostos como adxudicatario:

- D. Ramón Barreiro Alcobre que oferta unha cantidade de 24.050 euros a abonar ó Concello pola concesión do uso privativo do local nº 9 da nave 5 do Mercado de Abastos da cidade,.

. D. Juliano Campos Campos que oferta unha cantidade de 21.500 euros a abonar ó Concello pola concesión do uso privativo do local nº 5 da nave 5 do Mercado de Abastos da cidade,

. Pescados Iglesias Mato que oferta unha cantidade de 26.050 euros a abonar ó Concello pola concesión do uso privativo do local nº 4 da nave 5 do Mercado de Abastos da cidade,

. Dna. Ana María Barros Nogueira que oferta unha cantidade de 12.081 euros a abonar ó Concello pola concesión do uso privativo do local nº 3 da nave 5 do Mercado de Abastos da cidade, e

. D. Manuel Ameneiro García que oferta unha cantidade de 12.026 euros a abonar ó Concello pola concesión do uso privativo do local nº 2 da nave 5 do Mercado de Abastos da cidade,

consideran acreditada a mesma, e polo tanto ratifican a proposta de adxudicación acordada na anterior sesión desta mesa de contratación a favor dos mencionados licitadores.

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 100.- JMIC		
<i>Documento</i> CON11106K	<i>Expediente</i> CON/61/2016	



Así mesmo, a mesa procede a analizar un novo escrito presentado por D. Ramón Barreiro Alcobre, no que insiste na súa solicitude de acceder a adxudicación do local número 10 da praza que quedou deserto na actual licitación. Acompaña o proxecto de explotación do negocio a poñer en marcha, que tras un breve exame, a técnico de promoción económica presente na mesa o considera acaído e axustado os distintos requerimentos dos pregos de aplicación, non superando o límite máximo de postos por titular fixado no regulamento de mercado.

Non existindo segundo os técnicos presentes inconvinte técnico nen xurídico para acceder ó solicitado, e considerándose razoable a argumentación realizada no escrito presentado no senso que ésta xa é a segunda licitación pública e siguen quedando locais vacantes, combinado, como xa se sinalou na anterior reunión desta mesa, con que a finalidade última deste expediente é favorecer o interese público na ocupación dos postos, acórdase:

Adxudicar a D. Ramón Barreiro Alcobre a concesión do uso privativo do local nº 10 da nave 5 do Mercado de Abastos da cidade, para o que oferta unha cantidade de 15.000 euros a abonar ó Concello.

A estes efectos, e dado que xa aportou a preceptiva documentación, deberá unicamente constituir a correspondente garantía definitiva e aboar as taxas e timbres municipais.

Ás 9:19 horas levántase a sesión. Eu, como secretario, dou fe.

**Vº E PRACE
A PRESIDENTA DA MESA**



O SECRETARIO DA MESA